

Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO "DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª", EXPEDIENTE 18955/306

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DO "DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª", EXPEDIENTE 18955/306.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de decembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"9.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª. EXPTE. 18955/306.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 09/12/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa Estratéxico de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación.



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

3.- Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10/03/2008, aprobou o Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo, expte. 5381/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión do Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, expte. 9387/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/09/2018, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3, expte. 13339/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/09/2022, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, expte. 15859/306.

4.- Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local en sesión do 23/11/2009, tomou coñecemento do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14/11/2014, aprobou definitivamente o documento de revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, fase 2ª, expte. 10365/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306.

5.- O Concello de Vigo, no ano 2024, encargou os traballos de revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con CIF B32374431, e a súa supervisión e control á Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións "Sonitum", en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballos en decembro de 2024, tralas revisións indicadas polo Servizo de Medio Ambiente achegan documento técnico definitivo en setembro de 2025, que procede someter á tramite para súa aprobación.

6.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 17/10/2025, aprobou inicialmente o referido "Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª", e acordou sometelo ó trámite de información pública polo prazo dun mes contado dende a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións ou suxestións. Tamén, se dou conta do acordo adoptado ós distintos Servizos Municipais.



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

7.- O documento someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 205 do, luns, 27 de outubro de 2025. A documentación en formato dixital estivo a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente) no enlace https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=gal, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vigo no enlace: <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?> e no Portal de Transparencia. Tamén, podía consultarse nun sistema informativo do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do Concello.

8.- Durante o trámite de información pública presentou unha alegación/suxestión, J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025). Sinala unha serie de medidas/suxestións para reducir o ruído do tráfico no tramo baixada ó Castaño, Avda.Gran Viga e Praza de América, especialmente, coa “implementación de radares antiruído” ao tempo que felicita ao Concello de Vigo pola revisión deste Plan e adopción de medidas incluídas.

9.- Os Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiron informe o 20/11/2025.

10.- O equipo redactor do PAC emitiu informe sobre as alegacións/suxestións e consideracións presentadas o 3/12/2025 (Doc. 250345997).

II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación entregada definitivamente do Documento do revisión do plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª (en adiante, PAR), consiste nun documento no que se tratan dez apartados, con diversos subapartados, e dous anexos:

1. Obxecto.
2. Datos identificativos do PAR.
3. Autoridade responsable.
4. Contexto xurídico .
 - 4.1. Lexislación Europea.
 - 4.2. Lexislación Nacional.
 - 4.3. Lexislación Autonómica.
 - 4.4. Lexislación Local.
 - 4.5. Obxectivos de redución de ruído do PAR
5. Descrición da aglomeración:
 - 5.1. Descrición xeral.
 - 5.2. Datos demográficos.
 - 5.2.1. Poboación por parroquias.
 - 5.2.2. Centros sanitarios.
 - 5.2.3. Centros docentes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:Z4U4GXJQS67S3AHJ



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

6. Resultados do M.E.R. (4ª fase) .

6.1. Fontes de ruído consideradas.

6.1.1. Principais eixos viarios.

6.1.2. Principais eixos ferroviarios.

6.1.3. Actividade industrial.

6.2. Exposición da poboación ao ruído.

6.2.1. Ruído total.

6.2.2. Ruído por focos.

6.2.2.1. Ruído viario.

6.2.2.2 Ruído industrial.

6.2.2.3. Ruído ferroviario.

6.3. Problemas identificados e situacións a mellorar.

6.3.1. Fonte de ruído predominante.

6.3.2. Áreas de maior densidade de poboación.

6.3.3. Zonas de conflito e áreas prioritarias de actuación.

6.3.4. Zonas de ocio

7. Zonas tranquilas.

8. Programas en acción e previstos

8.1. Programas executados e en proceso

8.1.1. Zonas acusticamente saturadas (zas)

8.1.2. Zonificación acústica

8.1.3. Melloras en infraestruturas e habitabilidade

8.1.4. Outras actuacións

8.1.5. Investimentos realizados

8.2. Estratexia e programas en curso (curto prazo)

8.3. Estratexia a medio e longo prazo.

8.4. Medidas previstas para o Plan de Acción contra o Ruído.

8.4.1. Medidas de redución de velocidade.

8.4.2. Medidas de asfaltado acústico.

8.4.3. Outras contornas e medidas.

9. Síntese de resultados do PAR.

9.1. Síntese xeral.

9.2. Resultados da aplicación das medidas do PAR.

9.3. Indicadores de risco para a saúde.

10. Conclusións.

Anexo I. Proceso de selección de zonas tranquilas.



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

Anexo II. Metodoloxía de cálculo dos indicadores de risco para a saúde.

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 75 táboas, 83 figuras e 6 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte dixital con versións do documento en lingua galega e en lingua castelá.

2.- Resultados do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, ano 2022, Fase 4ª, a considerar no Plan de Acción:

A revisión do mapa proporcionou uns resultados globais do termo municipal.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

A Lei 37/2003 do Ruído e o Real Decreto 1513/2015 establecen os índices de ruído a considerar para a avaliación dos niveis de ruído nun territorio, en base aos diferentes períodos temporais establecidos, é dicir:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período de tarde, entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período de noite, entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 (do MER)–Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Estes índices de ruído establecidos como obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas considerase na fachada exterior da edificación segundo o establecido na lei.

As conclusións globais relativas ó documento do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, tomando como referencia os criterios de afección $L_d > 65$ dBA, $L_e > 65$ dBA, $L_n > 55$ dBA e $L_{den} > 65$ dBA (fachada exterior do edificio), reflicte os seguintes resultados que se recollen en táboas:

2.1.- Solo total exposto.-

Dos datos globais obtidos con todos os focos de ruído activos (isto é, tráfico viario, tráfico ferroviario e focos industriais) conclúese que aproximadamente un 13% do territorio de Vigo está exposto a niveis de ruído nocturnos L_n superiores a 55 dBA e globais L_{den} superiores a 65 dBA.

2.2.- Poboación total exposta.-

J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025)

En canto á poboación exposta, os resultados obtidos conclúen que menos dun 20% dos habitantes de Vigo están expostos a niveis de ruído en períodos de día L_d e de tarde L_e superiores a 65 dBA, cifra que se eleva ata case o 29% no período global de 24 horas, L_{den} . No que respecta ao período nocturno, pouco máis do 27% da poboación está exposta a niveis de ruído L_n superiores a 55 dBA.

2.3.- Resultados por fontes de ruído.

A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industrias.

a) Ruído industrial:

- Superficie exposta: No que respecta ao ruído industrial, isto é, o debido tanto á actividade industrial do municipio como a aqueles focos puntuais, lineais ou superficiais de ruído asociados dun modo ou outro á esta, conclúese que menos do 0,5% da superficie de Vigo está exposta a niveis de ruído en período día, L_d , en período tarde, L_e , ou en período 24 h, L_{den} , superiores a 65 dBA. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído L_n superiores a 55 dBA increméntase lixeiramente, ata alcanzar o 0,1% da superficie total do municipio.



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

- Poboación exposta: No referente á poboación exposta, conclúese que menos dun 0,5% dos habitantes están expostos a niveis de ruído en períodos de día, Ld, de tarde, Le, e global 24 horas, Lden, superiores a 65 dBA. Pola noite, ao redor dun 1,4% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

b) Tráfico ferroviario:

No que respecta ao ruído que xera o tráfico ferroviario de Vigo, compróbase que basicamente contribúe á afección acústica a liña de ferrocarril que parte da/termina na Estación de Guixar, tendo en conta que a que deriva na Estación de Urzáiz, a cal soporta a maior parte do tráfico ferroviario de Vigo, transcorre integramente baixo terra ata máis aló dos límites municipais. Neste sentido, tendo en conta o tráfico residual de trens que circulan dende ou cara a Guixar en comparación con Urzáiz (segundo os datos de IMD facilitados por ADIF en marzo de 2022), conclúese que a exposición nocturna por encima dos 55 dBA tanto do solo como da poboación mantense nunhas porcentaxes practicamente desprezables, ao igual que para os períodos de día, tarde e 24 horas, neste caso para niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA.

c) Tráfico viario:

Tódolos eixos viarios:

- Superficie exposta: O tráfico viario é, por tanto, a fonte de ruído predominante na aglomeración de Vigo. Dos cálculos realizados conclúese que, debido ao tráfico que circula diariamente polos diferentes eixos viarios do municipio, preto dun 9% do solo municipal está exposto a niveis de ruído en período día, Ld, e en período tarde, Le, superiores a 65 dBA, porcentaxe que sobe ata o 12% para o período 24h, Lden. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por encima do 12% da superficie total.
- Poboación exposta: En canto á poboación exposta, ao redor dun 20% da poboación de Vigo vese exposta a niveis de ruído día Ld e tarde Le superiores a 65 dBA, alcanzando o 28,3% no caso do índice Lden. Pola noite, ao redor dun 26% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

Grandes eixos viarios:

Segundo o requirido na revisión do MER correspondente á 4ª fase, débese analizar por separado a afección acústica debida ao tráfico que circula polos grandes eixos viarios. No caso de Vigo, os grandes eixos viarios que teñen incidencia no municipio son os seguintes:

- Autoestrada AP-9. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía AP9-V. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía VG-20. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía A-55. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autoestrada AG-57. Administración: Xunta de Galicia



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

- Superficie exposta grandes eixos viarios: O resultados obtidos conclúen que aproximadamente un 6% do solo vese afectado por niveis de ruído Ld e Le superiores a 65 dBA, polo tráfico que circula por estes grandes eixos, chegando ata preto do 8% no caso do índice Lden. Pola noite, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por debaixo do 9% da superficie total do municipio.
- Poboación exposta grandes eixos viarios: A poboación exposta ao ruído que xera o tráfico que circula polos grandes eixos viarios, aproximadamente un 2% desta vese afectada por niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA, e por niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA.

3.- Programas en acción e previstos e síntese de resultados no Documento de revisión do Plan de Acción Contra o Ruído, fase 4ª (PAR):

O PAR contempla no apartado oito, os programas en acción e previstos contra o ruído, desenvolvendo estratexias e programas en curso (curto prazo), estratexia a medio e longo prazo e medidas previstas no PAR para reducir o ruído.

O obxectivo principal do presente PAR é o de analizar a situación acústica do municipio de Vigo e planificar todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para reducir a contaminación acústica e a exposición do seu territorio e dos seus residentes a niveis excesivos de ruído.

Entre os anos 2008 e 2012 o Concello de Vigo investiu preto de 75 millóns de euros en máis de 80 actuacións que contribuíron no seu momento para mellorar o confort acústico na súa contorna de influencia.

O investimento continuou entre os anos 2013 e 2024, onde se investiron aproximadamente 100 millóns de euros en case 170 actuacións, principalmente en humanizacións e ensanches de rúas e barrios, reasfaltado e arranxo de pavimentos e mellora de infraestruturas (trazados, curvas, etc.), así como actuacións de accesibilidade, adaptación e reparación de contornas como co plan Vigo Vertical.

ANO	CONCEPTO	GASTO TOTAL
2013-2017	HUMANIZACIÓNS, MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E ACCESIBILIDADE	64.808.493,20 €
2018-2024	HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS	23.860.924,01 €
2018-2024	VIGO VERTICAL	11.530.758,54 €
TOTAL		100.200.175,75 €

Todas estas actuacións contribuíron, en maior ou menor grao, a mellorar a calidade da contorna no que se desenvolveron e, con iso, as condicións de habitabilidade, confort acústico e convivencia dos seus habitantes.

A política urbanística e ambiental do Concello de Vigo ten previsto continuar nos próximos anos coa liña establecida de creación dunha cidade máis sostible, habitable e accesible a todos os seus cidadáns. Así, dentro das Estratexias e programas en curso (curto prazo) nos próximos 5 anos (anos 2024 a 2029) proxéctase destinar máis de 26 millóns de euros en novas actuacións



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

planificadas ao redor da humanización de novas rúas e contornas da cidade, accesibilidade e, tamén, asfaltados así como para seguir o plan de desenvolvemento urbano Vigo Vertical. Coa mellora do asfaltado, conséguese reducir os niveis sonoros do ruído de rodaxe, tanto máis cantas máis características acústicas teña o asfalto, non só pola propia porosidade deste, en comparación coa do asfalto anterior. No ano 2025 estase a reasfaltar máis dunha decena de rúas, cubrindo case 8 km de lonxitude en total.

ANO	CONCEPTO	GASTO TOTAL
2024-2029	HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS	23.577.044,72 €
2024-2029	VIGO VERTICAL	2.593.647,55 €
TOTAL	26.170.692,27 €	

— Estratexia a media e longo prazo:

Dende o Concello de Vigo valóranse e promoven ademais outras medidas para ir instaurando nun futuro, a medio e longo prazo, encamiñadas tamén a reducir os niveis de ruído do municipio e mellorar o tráfico e a habitabilidade dos residentes. Entre elas, caben destacar as seguintes:

- Continuar coa liña de análise e avaliación do impacto acústico debido ao tráfico de vehículos pesados, considerando a viabilidade de aplicar restricións ao mesmo en zonas con alta densidade de poboación e naquelas rúas onde os vehículos de gran tonelaxe supoñan unha porcentaxe de circulación considerable, en relación ao tráfico medio diario.
- Reducir a velocidade máxima permitida, pasando de 50 km/h a 30 km/h ou mesmo a 20 km/h en vías urbanas, principalmente en contornas residenciais das parroquias centrais do municipio, con maior concentración de residentes.
- Mellorar as semaforizacións en puntos críticos da cidade, tal que permitan optimizar a fluidez do tráfico, reducindo atascos e o número de operacións de parada/arranque de vehículos, as cales contribúen a incrementar os niveis de ruído na contorna dos semáforos.
- Continuar coa instalación de paneis informativos en diferentes puntos da cidade, con información en tempo real das vías máis e menos fluídas, para que os condutores poidan elixir o traxecto máis conveniente, favorecendo a circulación, reducindo a formación de atascos e diminuíndo así o aumento de niveis de contaminación e de ruído que se producen neles.
- Vixiar o ruído en diferentes zonas do termo municipal, co obxectivo principal de controlar e mellorar o confort acústico da poboación.
- Apostar pola colaboración do Concello de Vigo coas administracións responsables daquelas fontes de ruído de competencia supramunicipal (eixos viarios, actividade portuaria, etc.), para a análise de puntos conflitivos dentro do territorio e a adopción de medidas correctoras (redución de velocidade, restricións de tráfico pesado, instalación de barreiras acústicas, etc.) que contribúan a reducir o impacto acústico na contorna. Así, por exemplo, no caso da contorna da AP-9V, reducir a velocidade máxima de 100



km/h a 50 km/h no seu traxecto, sendo o Ministerio de Fomento a administración responsable, suporía diminuír entre un 60% e un 95% a poboación exposta na zona a niveis excesivos de ruído.

- Fomentar espazos comúns libres de tráfico, dando prioridade aos peóns sobre os vehículos, humanizando áreas densamente poboadas, xerando contornas de espaxamento seguros e confortables tanto acusticamente como no referente ao acceso a eles e á súa habitabilidade.
- Analizar o efecto que terá nun futuro a entrada en circulación con carácter xeneralizado do coche eléctrico, sobre a pegada de ruído do municipio.
- Promover o uso da bicicleta, do patinete eléctrico, do segway, etc., por diante do vehículo privado, e a súa circulación responsable e controlada a través dos carrís bici habilitados e previstos en todo o termo municipal.
- Apostar polas campañas de información e sensibilización da poboación acerca da problemática do ruído e dos seus efectos nocivos sobre a saúde, dos beneficios de camiñar cara a unha cidade acusticamente confortable, así como do relevante papel que xoga o cidadán e da importancia do respecto ao medio ambiente e ao descanso alleo.

Ademais destas actuacións, que promoverán o desenvolvemento sostible da cidade e mellorarán a mobilidade e o confort da cidadanía, no presente Plan de Acción contra o Ruído deseñáronse unha serie de medidas específicas, co obxectivo principal de reducir a exposición ao ruído da poboación nas contornas de maior afección, reducindo así tamén os efectos de risco sobre a saúde dos habitantes. Dos resultados analizados no MER da 4ª Fase, conclúese que o principal foco de ruído responsable da exposición ao ruído é o tráfico viario, especialmente nas zonas de maior densidade de poboación, polo que as medidas contempladas céntranse sobre estas fontes de ruído.

Estas medidas poden agruparse en dúas grandes categorías: redución da velocidade máxima nas ZBE, nas rúas periféricas de Avenida da Gran Vía, na VG-20 e na Avenida Arquitecto Palacios; e asfaltado acústico dos principais eixos de media/grande capacidade do municipio, tales como a Avenida da Gran Vía, Avenida de Castelao ou Jenaro de la Fuente, peatonilización da zona Portal do Sol, Elduayen e Paseo de Alfonso XII (tráfico a traves dun túnel subterráneo).

A aplicación das medidas descritas ten un claro efecto positivo nos datos de exposición da poboación a niveis excesivos de ruído, estimando reducións teóricas de ata o 48% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_d \geq 65$ dBA e $L_e \geq 65$ dBA, e de en torno ao 30% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_n \geq 55$ dBA e $L_{den} \geq 65$ dBA, beneficiando a entre 23.000 e 26.000 persoas con respecto aos resultados obtidos no último MER.

Así mesmo, a aplicación destas medidas tamén ten consecuencias positivas, máis moderadas, sobre a exposición da poboación a niveis medios de ruído, alcanzando reducións teóricas do 16% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_n \geq 50$ dBA, e de preto do 5% no referido a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_d \geq 55$ dBA, $L_e \geq 55$ dBA e $L_{den} \geq 55$ dBA. En total, estímase que, nos devanditos rangos de ruído, a implantación das medidas



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

propostas no PAR pode chegar a beneficiar a unhas 22.000 persoas en período nocturno e a unhas 9.000 persoas no resto dos períodos.

En canto aos beneficios sobre os indicadores de risco para a saúde, estímase que, coa aplicación das medidas propostas no PAR, un total de 45 persoas experimenten unha redución de efectos prexudiciais debido a Enfermidades Cardíacas Isquémicas (ECI), de 3.892 persoas debido a Molestias Intensas (MI) e de 1.408 persoas debido a Alteracións Graves do Sono (AGS), o que supón reducións de entre un 8% e un 14%.

III- FUNDAMENTOS DE DEREITO

III.1.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (L PACAP).
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD.1367/2007, do 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.2.- SOBRE AS ALEGACIÓNS/SUXESTIÓNS E CONSIDERACIÓNS PRESENTAS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

O equipo redactor do PAC, Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., e a súa supervisión e control á Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, emiten informe sobre as alegacións/suxestións e consideracións presentadas o 3/12/2025 (Doc. 250345997), nos seguintes termos e co que mostran a súa conformidade os técnicos municipais asinantes:

1. Alegación/suxestión presentada por J.P.R. (Doc. Núm. 250315237)

1.1. En relación á solicitude de instalación de radares de ruído:

No apartado 8.3 do Plan de Acción, correspondente ás estratexias previstas para reducir os niveis de ruído no municipio de Vigo, establécese a monitorización e o control do ruído como unha das principais liñas a seguir polo Concello de Vigo a medio e longo prazo. Este tipo de estratexias comprendería, por tanto, a valoración da implantación de todas aquelas iniciativas ou tecnoloxías emerxentes que poidan ser de utilidade de cara ao control dos niveis sonoros



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

dentro do termo municipal. Con todo, no caso particular dos radares de ruído, non se prevé a súa instalación a curto prazo, toda vez que se trata dunha tecnoloxía que se atopa a día de hoxe en fase de avaliación para a homologación dos diferentes requirimentos metrolóxicos legais. Así e todo, o Concello de Vigo seguirá atento á evolución desta e doutras tecnoloxías de control acústico para valorar nun futuro a viabilidade e utilidade da súa implantación.

1.2. En relación á solicitude de aplicar canto antes á limitación de velocidade a 30 km/h e á renovación do asfalto:

Estas actuacións descríbense convenientemente no Plan de Acción, de xeito que o Concello de Vigo, sendo consciente da relevancia destas, contempla cumprir coa programación e prazos de execución previstos na correspondente planificación municipal.

1.3. En relación á solicitude de instalación de radares de velocidade:

A limitación de velocidade nas diferentes rúas da cidade é unha das medidas máis efectivas no relativo ao control de ruído producido polo tráfico. Porén, a instalación de radares de velocidade para garantir o cumprimento da devandita limitación é unha medida enfocada principalmente no control da mobilidade e na mellora da seguridade, tanto viaria como peonil, sendo o control do ruído e do impacto ambiental, por tanto, unha consecuencia derivada da finalidade primeira procurada con este tipo de medidas.

1.4. En relación á solicitude de control acústico na contorna indicada:

Segundo o descrito no Plan de Acción, o Concello de Vigo adoptará as diferentes medidas indicadas neste para controlar e reducir os niveis sonoros dentro do seu termo municipal e, en especial, nas áreas de maior densidade de poboación. Neste sentido, entendendo que o problema da contaminación acústica debe ser abordado polo conxunto da sociedade viguesa, o Concello de Vigo, ademais das actuacións previstas, da realización de medicións de ruído onde se requira, etc., tamén acometerá, segundo o contemplado no apartado 8.1.4 do citado Plan, labores tanto de formación dos técnicos municipais como de concienciación da cidadanía sobre a importancia da contaminación acústica, así coma do respecto á convivencia e ao descanso veciñal.

2. Informe emitido polo Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 20.11.2025 (Doc. Núm. 250299297)

2.1. En relación á revisión do Plan de Acción contra o Ruído, o informe emitido resume a finalidade deste, así coma os seus aspectos principais e a tipoloxía das medidas propostas para a súa execución nos próximos anos.

2.2 En relación aos programas e estratexias previstas, o alegante recolle o descrito no Plan de Acción, no relativo á importancia da Zonificación Acústica do municipio elaborada no PXOM25 e á realización de estudos de impacto acústico para todo novo proxecto urbanístico, industrial, etc.

2.3. En relación a outros estudos, normativas e actuacións recollidas no PXOM25 e non contemplados no PAR, para a súa valoración no relativo á incidencia na mellora da calidade acústica do municipio, expónse o seguinte:



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

A realización dos diferentes tipos de estudos de impacto acústico, sexan de desenvolvementos urbanísticos, industriais, de infraestructuras, etc., é fundamental para predicir os niveis sonoros na contorna do novo desenvolvemento. Neste sentido, son xa de aplicación en calquera caso as pautas, procedementos, índices e valores límite establecidos na lexislación acústica vixente, tanto europea, como nacional, autonómica e local. Enténdese, polo tanto, que non é obxecto deste PAR detallar os contidos xerais ou específicos que deben figurar neste tipo de estudos.

Segundo o establecido na lexislación acústica vixente e, en particular, na Lei 37/2003 do Ruído, ningunha instalación, construción, modificación ou traslado de calquera tipo de emisor acústico poderá ser autorizado, aprobado ou permitido o seu funcionamento pola Administración competente, se se incumpre o previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento en materia de contaminación acústica. Polo tanto, a Administración competente nacional, autonómica ou local, segundo proceda, ten a responsabilidade de predicir e controlar a contaminación acústica susceptible de producirse no seu ámbito de actuación e, consecuentemente, de solicitar os devanditos estudos de impacto acústico aos titulares dos proxectos, así como a aprobación destes con carácter previo á autorización da correspondente licenza de execución

III.3.- OUTRAS CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de elaborar Plans de accións correspondentes ó ámbito do Mapa Estratéxico de Ruído que permita afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústicas precisando a liña de actuacións a desenvolver.

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306 e a Concellería de Medio Ambiente no ano 2024, encargou a revisión do citado plan de acción correspondente ó ano 2024, fase 4ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 24 en relación co 22 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, tralo trámite de información pública por un período de un mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17/10/2025, aprobou inicialmente o referido “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª”, e someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 205 do, luns, 27 de outubro de 2025. A documentación en formato



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

dixital estivo a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente) no enlace https://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_cont_acustica.php?lang=gal, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vigo no enlace: <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?> e no Portal de Transparencia. Tamén, podía consultarse nun sistema informativo do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do Concello.

As alegacións/suxestións e consideracións presentadas no trámite de información pública foron incorporados ao expediente e obxecto de informe polo equipo redactor do PAR e co que mostran a súa conformidade os técnicos municipais asinantes.

O “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para a aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano do 20/06/2023 (BOPPO 28/06/2023).

Por todo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Desestimar á alegación/suxestión presentada por J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025), no trámite de información pública do Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, en base ós fundamentos de feito e dereito que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con CIF B32374431, coa supervisión e control da Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións “Sonitum”, asinado dixitalmente o 25/09/2025, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 18955/306).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Z4U4GXJQS67S3AHJ



Luns, 5 de xaneiro de 2026

Núm. 2

Terceiro.- Remitir o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, aprobado definitivamente, nos formatos dixitais establecidos, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e, tamén, ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para traslado á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

Cuarto.- Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e notificar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Quinto.- Publicar o presente acordo e o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, aprobado definitivamente, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.- Elena Espinosa Mangana

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Z4U4GXJQS67S3AHJ

